

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS FAMILIAS DOS PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN XUVENIL AMENCER DURANTE O CURSO 2021/2022

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con nº de DNI/NIE \_\_\_\_\_, pai/ nai/ titor-a de

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con nº de DNI/NIE \_\_\_\_\_, participante menor de idade no  
proxecto \_\_\_\_\_, organizado pola Asociación Xuvenil Amencer durante o curso 21/22

Declaro baixo a miña responsabilidade que solicito que a persoa cuxos datos figuran no encabezado participe nas actividades que organiza a Asociación Xuvenil Amencer, para o que lín con detalle a información proporcionada pola propia organización e acepto as condicións de participación, expreso o meu compromiso coas Medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias incluídas no Protocolo de actuación con motivo do COVID-19 publicado pola entidade e asumo toda a responsabilidade fronte á posibilidade de contaxio por COVID-19

### (Márquese no que proceda)

**Con carácter previo á realización da actividade, declaro que o participante cumpre os requisitos de saúde seguintes:**

Presenta ausencia de enfermidade e sintomatoloxía compatible coa Covid-19 (febre, tose seca, dificultade respiratoria, diarrea...) ou con calquera outro cadro infeccioso, nos últimos 10 días anteriores á realización da actividade, non sendo grupo de risco (patoloxías cardíacas ou respiratorias,...)

Non conviviu ou non tivo contacto estreito cunha persoa positiva de Covid-19 confirmada ou cunha persoa que tivo sintomatoloxía compatible nos últimos 10 días anteriores á realización da actividade.

Declaro que o interesado non convive con ninguén que sexa grupo de risco (maiores de 70 anos, patoloxías cardíacas ou respiratorias,...) , ou que, no caso de que así sexa, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade

**Durante os días de realización da actividade declaro que:**

Comprométome a notificar diariamente o estado de saúde do participante e, no seu caso, a causa de ausencia á actividade , así como da aparición de calquera caso de Covid-19 na súa contorna familiar (chamando ou enviando un whatsapp ao 627963883 indicando "Información médica+ Nome e apelidos do participante")

**Declaración de ler e aceptar os documentos proporcionados pola organización sobre a adaptación da actividade ao COVID-19 (enviados por correo electrónico e publicados na páxina web [www.amencer.org](http://www.amencer.org))**

Declaro que recibín e acepto os compromisos contidos no Documento de Medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias incluídas no Protocolo de actuación con motivo do COVID-19 publicado pola entidade

Declaro que recibín e lín o Protocolo de adecuación da actividade ao COVID-19 da Asociación Xuvenil Amencer e que por tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

**Consentimento informado sobre COVID-19**

Declaro que, tras recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para el mesmo e para as persoas que conviven con el, a participación do interesado na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade as continxencias que poidan ocasionarse en relación á pandemia durante a actividade.

En \_\_\_\_\_, a..... de..... de 202\_.

Sinatura